

# Xosé María Díaz Castro

## *Nimbos*



**Armando Requeixo**

**UNIDADE DIDÁCTICA PARA O BACHARELATO**

## INTRODUCCIÓN

Esta unidade didáctica pretende unha aproximación **integral** ao texto literario. Con este fin propónse a análise dende distintos ángulos e niveis do poemario *Nimbos* de Xosé María Díaz Castro.

O esquema de estudo proposto, baseado nos traballos do teórico lugués Claudio Rodríguez Fer, pode ser aplicado a calquera outra obra grazas á súa versatilidade.

Esquemáticamente, este modelo distingue cinco grandes bloques analíticos que, por súa vez, inclúen diferentes subapartados:

1) *Estudo previo: O autor. Precisións bibliográficas e ecdóticas.* Nesta sección dáse noticia breve da vida e a obra xeral do autor analizado, amais de concretarse todo o relativo á publicación e distintas edicións da obra estudada.

2) *Estudo intratextual.* Neste amplo apartado abórdanse as tres grandes liñas de estudo da obra literaria dende o punto de vista intrínseco: a análise do contido, a análise da expresión e a determinación da estrutura.

Polo que ao contido ou fondo se refire, ha de indicarse sempre o tema ou temas principais, sinalándose ademais os temas secundarios máis salientables e, no caso das obras en que pareza aconsellable, tamén os diferentes motivos.

Canto á análise da expresión, cómpre rexistrar as figuras empregadas polos autores nos distintos planos (gráfico, fónico, morfosintáctico e léxico-semántico) para a consecución dos seus peculiares estilos, ao que debe sumarse no caso da narrativa a descrición dos modelos pragmáticos empregados, establecendo os diversos tipos de narradores, tempos, espazos e personaxes característicos de cada obra.

Finalmente, hai que contemplar tamén a relación das estruturas tanto externas coma internas, especificando os diferentes elementos de cohesión/disgregación textual.

3) *Estudo extratextual.* Neste bloque o exame dos textos precisa dun enfoque nidamente extrínseco, observando a súa relación cos diferentes contextos non textuais que axudaron a configuralos. Deste xeito, e dependendo dos casos, deben analizarse os elementos histórico-literarios, histórico-sociais, antropológico-etnográficos, ideolóxico-filosóficos ou biográfico-psicolóxicos que interactúan cos textos, na procura dunha maior comprensión do fenómeno histórico, social, antropológico, ideolóxico e psicolóxico que toda creación escrita supón.

4) *Outros libros do autor.* Neste epígrafe deben aparecer, xenericamente enumeradas, as diferentes obras escritas polo autor analizado.

5) *Bibliografía.* Neste derradeiro apartado hai que listar a bibliografía de consulta que axudou na análise, procurando escolmar de entre toda a produción crítica dedicada ao autor e/ou á obra estudados aquela máis específica ou que guiou, en maior grao, o traballo de interpretación.

## 1. ESTUDO PREVIO: O AUTOR. PRECISIÓNS BIBLIOGRÁFICAS E ECDÓTICAS

**Xosé María Díaz Castro** naceu en Guitiriz en 1914. Cando contaba quince anos ingresou no Seminario de Mondoñedo, onde estudou ata 1936, momento en que abandonou o centro para cumprir o servizo militar. Durante a súa estancia en Mondoñedo compuxo os poemarios inéditos *Follas verdes* e *Follas ó aire*, dos que a penas se deron despois a coñecer unhas poucas composicións en revistas dos anos 80.

En 1939, chamado polo seu amigo o tamén poeta Aquilino Iglesia Alvariño, ingresou como profesor no Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa, no que permaneceu durante varios cursos escolares e desde onde escribiu os poemas longos cos que gañou os Xogos Florais de Betanzos de 1946 tanto na súa modalidade galega coma na castelá.

Pouco despois, en 1948, Díaz Castro marchou a Madrid, onde residiu ata a súa xubilación. Desde a capital enviou moi esporadicamente os seus textos a distintos xornais e revistas galegas da posguerra e publicou o seu único poemario, *Nimbos*, aparecido en 1961.



Aula do Colexio León XIII onde impartiu docencia Díaz Castro

A mediados dos anos oitenta o poeta guitiricense voltou definitivamente a Galicia, onde colaborou coas súas poesías nalgunha revista do país e participou en diversos actos públicos e homenaxes á súa figura. Morreu en Lugo a finais de 1990.


O poemario *Nimbos* de Xosé María Díaz Castro tivo varias edicións. A primeira data de 1961 e foi imprentada pola editorial Galaxia de Vigo. Orixinalmente este poemario posuía unhas tapas a dúas cores, branca e negra. Algúns anos máis tarde empezaron tamén a circular volumes coas tapas en laranxa e branco, esta volta plastificadas. Todo parece indicar que, neste caso, se trataría dunha reedición ou reimpresión do poemario, xa que o depósito legal do libro non variou.

Polo tanto, a segunda edición de *Nimbos* sería a publicada por Editora Nacional en 1982. Esta nova edición, ademais de aparecer como bilingüe en galego e castelán, contaba tamén cun longo prólogo de Ricardo Carballo Calero.

A terceira edición veu luz novamente da man da Editorial Galaxia no ano 1989, neste caso outra vez como monolingüe e sen o prólogo de Carballo Calero. Unha reimpresión desta edición incluíuse no ano 2002 na Colección 120 patrocinada polo xornal *La Voz de Galicia*.

A, polo de agora, última edición apareceu no 2006 outravolta en Galicia, quen fixo dúas tiraxe diferenciadas desta: unha venal na Colección Dominate de poesía e outra non venal sufragada pola Xunta de Galicia.

Entre estas edicións de *Nimbos* existen apreciables diferenzas que afectan tanto ao texto escrito coma ao texto icónico. Así, por exemplo, na edición de 1982 con respecto á de 1961 existen pequenas modificacións gráficas no tocante á acentuación das maiúsculas, á sangría dos parágrafos etc. e suprimense as ilustracións. Pola súa banda, as edicións de 1989 e 2006 -que tamén eliminan as ilustracións- varían con respecto ás anteriores de xeito apreciable, ata o punto de ofrecer algunhas variacións textuais que se concretan en trocos léxicos, modificacións nas divisións interestróficas, adicións e supresións gráficas e léxicas etcétera.




Díaz Castro nunha entrevista para o xornal *El Progreso* a finais dos anos 80

## ACTIVIDADES

### COMA VENTOS FUXIDOS

Estes non son poemas, nin cimentos  
de poemas siquera. Son fragmentos  
de min mesmo perdidos,  
coma ventos fuxidos,  
por antigos camiños esquencidos:  
Díaz Castro perdido no traxeito  
dun recordo moi longo, recolleito  
por un anxo e salvado  
nalgún intre de amor desesperado!

1. Con este poema ábrese *Nimbus*. Leo atentamente e determina cal é a voz lírica do mesmo. ¿Coincide coa persoa do autor?
2. Cal coidas que é o papel que concede Díaz Castro á súa escrita no contexto da súa vida.  
¿Cal é o elemento suprahumano desta composición? ¿Que importancia ten?  
¿A formación académica e ética de Díaz Castro pode ter que ver na escolla deste tipo de figura?



## 2. ESTUDO INTRATEXTUAL

### 2. 1. ANÁLISE DO CONTIDO

Os trinta e dous poemas que compoñen *Nimbos* ofrecen un notable abano temático. Neste sentido, cóntanse entre os **temas** principais: a reflexión autopoética, a relación entre o Home e Deus, a presenza do paso do Tempo e da Historia ou a consideración simbólica e telúrica de Galicia.

A teoría poética diazcastriana encerrada en *Nimbos* descóbrenos un poeta convencido do esencial papel xogado pola lírica no devir humano, pois a palabra dá vida e sentido á existencia (cfr., por exemplo “Coma ventos fuxidos”). Do mesmo xeito, Deus é o principio e a fin de todas as cousas, incluído o Home, xaora, e todo o que de divino hai no mundo e en nós aparece en *Nimbos* simbolizado pola Luz, contraposta á Sombra, á parte mortal e de baldeiro existencial que rodea connaturalmente ao Home (*vid.* “A noite é necesaria” ou “Noite no mundo”).

Nesta mesma liña, Deus é, como sinala inequivocamente o título dun dos poemas, o “Alfa e Omega” de todos os tempos e seres. Porén, a percepción temporal máis usual en *Nimbos* é a do tempo humanizado; é dicir, a do tempo ou devir do ser humano, os ciclos da Natureza e do día a día (cfr. “Quezáis”, “Remuíño” e “Cortina”). Do mesmo xeito, tamén pode verse nesta obra a preocupación diazcastriana pola incorporación no seu discurso lírico de referencias histórico-bíblicas (en “Coma un anxo airado”, “Velaquí os homes”, “Transfiguración”...), referencias temporais a personaxes e feitos do mundo clásico (en “Veleiqué os homes”), alusións históricas aos pobos celtas (ao longo de todo o poema “O berro das pedras”) e, finalmente, referencias á historia última ou presente de Galicia (en “Ai, capitán”, “Terra achaiada” e “O berro das pedras”).

Precisamente Galicia é tamén, física e simbolicamente, o referente temático de varias das composicións do libro. As visións que desta nos ofrece *Nimbos* irían desde a Galicia cadro costumista (así en “Esmeralda”), ata a Galicia abeiro vital do poeta (como en “Polpa dorida” ou “Como unha insua”), pasando pola Galicia patria asoballada que debe ser redimida (“Penélope”, “Borrallo”...).

Cómpre, por último, sinalar a presenza en *Nimbos* de certos **motivos** tópicos xa na literatura occidental que cobran vigor e importancia no discurso lírico diazcastriano. Así ocorre, por exemplo, cos *topoi* literarios clásicos da *captatio benevolentiae* (“Coma ventos fuxidos”), do *ubi sunt* (“Terra achaiada”), do *locus amoenus* (“Polpa dorida”), do *tempus fugit* (“Coma un anxo airado”), do *comptentus mundi* (“Transfiguración”) e da *vida como río* (“No novo ceo” e “Coma unha espada”), así como cos lugares literarios comúns máis modernos da *vida como navegación* (“Terra do Tempo”, “No resplandor do día” e “Como unha insua”) ou do *mundo ao revés* (“Remuíño”).


## ACTIVIDADES

### A NOITE É NECESARIA

Hai homes cheos de sombra,  
homes a contralús  
que che fan ver a Deus  
coma unha mar de lus.

A Noite é necesaria  
pra que ti poidas ver  
sobro medo i o mal  
as estrelas arder.

1. ¿Cal é o tema central desta composición?
  2. ¿Que simbolizan a Luz e a Noite?
  3. ¿A concepción da existencia que amosa o poema é relixiosa ou non? Xustifica a túa resposta.
- ¿Cres que esta concepción dialóxica do ser ten que ver co manifestado noutras culturas e relixións, por exemplo cos principios do yin yang oriental?



## ACTIVIDADES


### CORTINA

Diante él unha muller, doce feitura,  
i un fillo criado, única vitoria.  
Tras dél fragas zuando, paus, loucura,  
e mozas coma rosas, longa hestória.

*Ei Farruco da Rolda: Dame lume.  
Terma aínda da lus que antre nós arde.  
Pro non! Non tento máis que pedra e fume,  
i en toda cousa se metéu a tarde.*

Nesa tarde cargada de lorbagas  
véu o Siléncio. Xa tras dél as fragas,  
perdidas coma ovellas, a zuar.  
Tras dél o fillo, a casa i a muller.  
Morréu. Os bois volveron a pacer  
e trálo arado as pegas a brincar...

1. ¿Cal é o tema principal deste poema?
2. ¿Que tempos da vida do personaxe da composición aparecen referenciados?
3. ¿Cal é a visión que se dá do paso do Tempo no poema: positiva, negativa, resignada, comprensiva...?
4. ¿Que simboliza a tarde? ¿E os bois pacendo?





## 2. 2. ANÁLISE DA EXPRESIÓN: ESTILÍSTICA E PRAGMÁTICA

Sen dúbida en *Nimbos* descóbrese unha amazón estilístico-pragmática peculiar que fai deste poemario exemplo acabado da «complexidade do sinxelo». Salientan aquí, sobre todo, o emprego no **nivel fónico** de recorrentes fonosimbolismos tanto anímicos coma cinéticos (*vid.* o ben coñecido movemento pendular que suxire a estrutura verbal de “Penélope”), así como tamén a presenza no **nivel morfosintáctico** de diver-



Monumento a Díaz Castro realizado por R. Río nos Vilares, Guitiriz

sas figuras por omisión (ceugmas, asíndetos, elipses), por acumulación (amplificacións, conmoracións...), por recorrencia (paralelismos sintácticos e léxicos, correlacións, anáforas, epímones...) e por especial ordenamento (hipérbatos, quiasmos gramaticais etc.).

Ora ben, estilisticamente o **nivel léxico-semántico** é o de maior rendemento e operatividade en *Nimbos*. Neste sentido, cómpre subliñar a predominancia existente da metáfora e o símil como figuras preferidas por Díaz Castro, aínda que tamén son subliñables o emprego de certas imaxes e símbolos recorrentes no poemario, como, por exemplo, o *anxo* que representa unha figura positiva co-

mo mensaxeiro de Deus e personificación da súa dimensión volitiva na Terra (así en “Coma ventos fuxidos”, “Coma un anxo airado”, “Veleiqué os homes”, “Quezáis”, “Terra achaiada”); a *árbore* -motivo central da alegoría que encerra o poema “A cerna”-; e o *símbolo das esferas do universo*, ben presente na súa concepción medieval en “Como unha escada”.

Polo súa banda, o **nivel pragmático** de *Nimbos* revélanos un esquema comunicativo ben definido no que se debuxa como modelo maioritario para o emisor unha voz lírica unidimensional, individual, uniforme e presente, que adopta a terceira persoa gramatical na expresión e que non se dirixe a ningún auditorio concreto predeterminado.

De igual xeito e neste mesmo nivel, entre os fenómenos comunicacionais cómpre salientar o emprego abundante de exclamacións, moi presentes ao longo de todo o poemario, e, en menor medida, de interrogacións retóricas, apóstrofes etc.

## ACTIVIDADES

### VÍSPERAS

Polos días do Carmio a festa chega ó río.  
Unha música ardente vén no aire coma un río  
de recordos. Foguetes lonxanos cáin no río.  
Este é o Porto-Muíño, todo en lapas, o río.

O río está deitado coma un boi remoendo,  
i o Tempo non sei qué anda rente dél remexendo.  
As bágoas do ameneiro cáin pola noite abaixo,  
e fan céios pequenos de estrelas alombaixo.

Nas puntiñas dos pés a festa chega ó río,  
i anégase, larmeira, á veiriña do río.  
Despóis vólvese tola: brinca o río berrando,  
e pérdese nos bímbios i as xesteiras beilando,

i acéndese nos vidros da aldeia chea de anos,  
i ergue a meiga as palpebras de animás e cristianos...  
Chora o ameneiro en sonos (Qué bén se óin os muíños!),  
e chora polo tempo perdido nos camiños.

Ai cómo está de bágoas de nenos feito o río!  
Este é o Porto-Muíño, todo en sombras, o río.  
A Virxe pasa a mau polo lombo do río...

1. ¿Cal é a métrica deste poema?
2. Neste texto recórrese a unha figura morfosintáctica por recorrencia chamada *epímone*. Explica en que consiste. Investiga que é unha *palabra volta*. ¿Observas algunha nesta composición? ¿A que nivel pertence como recurso: ao fónico, ao morfosintáctico, ao léxico-semántico ou ao pragmático?



Con Manuel María e Miguel Anxo Fernán Vello, en Guitiriz en 1988

## A CERNA

Hase de amar a cousa hastra que sangue.  
O verdadeiro amor enferra en neve,  
ara nun mar de rosas suco leve,  
ai pro acadulla en sangue.

Tinguéuseche o machado en sangue loura.  
Ai cómo, cernador, dói a batalla  
cos que ún ama! Qué moura é a sombra moura  
do machado na galla!


Despida contra o céio A Que Non Fala,  
a póla firme coma un xuramento,  
berra nos dentes do machado e estala  
e tordea no vento...

Sobros cómbaros dondos coma un velro,  
sobras cornas dos bois, sobro camiño,  
a fraga berra, coucorexa o melro,,  
cai arroulando un niño...

Eu vínte contra o sol, nunha hora tola,  
abrazado ó teu toro, derregando  
a traxedia de Deus. Dóinos a póla,  
pro seguimos cernando!

Hastra que caia a derradeira estrela,  
cairá o machado en carne que choramos,  
no sono puro de deixar máis bela  
unha vida que amamos.

1. ¿Que simboliza a árbore?
2. ¿Cal é a batalla do cernador?
3. ¿Quen é "A Que Non Fala"?



## 2. 3. ESTRUTURA

Apréciase en *Nimbos* unha orquestración sinfónica do poemario que lle confire un deseño orgánico. As distintas seccións que como **estrutura externa** compoñen o esqueleto do libro -“Pórtico”, “Noite”, “Lus”, “Espranza”, “Milagre”, “Sono” e “Ferida”- e os poemas nelas incluídos van treceando unha **estrutura interna** rexa e sólida na que nada falta e nada sobra. Unha estrutura pendular e circular, dialoxística e plural na que o poeta abre o libro onde o acaba: no abraio universal ante o poder da súa verba e a beleza especcular de Deus no mundo.

Así, se “Pórtico” representa o limiar lírico do libro no que se tenta gañar a complicidade do lector, “Noite” e “Lus” son seccións dialoxisticamente venceilladas, onde se mostra o negativo/positivo da existencia. Os dous apartados seguintes, “Esperanza” e “Milagre”, supoñen unha continuación dos anteriores e neles salientase a confianza, a fe da voz lírica na bondade dos seres e das cousas que, dalgunha maneira, *participan* de Deus polo *milagre* da Creación. Este mesmo Deus é ao que se aproxima o discurso lírico na seguinte sección, “Sono”, de natureza claramente mística. Finalmente, o derradeiro dos apartados en que aparece dividido *Nimbos*, “Ferida”, significa unha reafirmación da voz lírica no seu labor como cantora-creadora da verba e das cousas ante a contemplación do duro, fero e máis negativo da vida, pero tamén ante todo o que de bo nela hai, bondade, claro está, emanada de Deus.



Placa colocada na casa do poeta, no Vilariño, Os Vilares, Guitiriz

## ACTIVIDADES

### PENÉLOPE

Un paso adiante i outro atrás, Galiza,  
i a tea dos teus sonos non se move.  
A espranza nos teus ollos se esperguiza.  
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos  
che estrolla o sono mól coma unha uva.  
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,  
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día  
a xente que levaron. Deus é o mesmo.  
Suco vai, suco vén, Xesús María!,  
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,  
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.  
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.  
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!



Edición de *Nimbos* do 2002

1. Deste poema de Díaz Castro, o máis famoso do autor, tense escrito que posúe unha *estrutura pendular*. ¿En que cres que consistiría tal estrutura?
2. A imaxe que dá de Galiza este poema, ¿é inmovilista ou dinámica? ¿Por que?
3. No texto, á parte da referencia a Galiza, alúdense a outros dous lugares. ¿Cales son eses topónimos? ¿Onde se sitúan xeograficamente? ¿Teñen algún tipo de vencello biográfico co autor?

### 3. ESTUDO EXTRATEXTUAL

Desde un punto de vista **histórico-literario** cómpre dicir que Xosé María Díaz Castro foi encadrado con frecuencia na corrente poética denominada «paisaxismo humanístico» ou «neovirxilianismo». Non obstante, a pesar de que a súa obra posúe evidentes puntos de contacto con tal corrente, hai moitos trazos da mesma que o afastan dese tipo de poesía, pois tamén por veces Díaz Castro se achegou á «poesía de denuncia» (cfr. “Borrallo”) e mesmo a certo hiloísmo (*vid.* “Vísperas”, por exemplo).

Por outra banda, entre os mesmos poetas da escola neovirxilianista existen diferenzas notables que dificultan aínda máis a posible inclusión nesa nómima de Díaz Castro. Nada ten que ver o franciscanismo e pintoresquismo costumista dalgunhas composicións de Noriega Varela ou Crecente Vega co clasicismo latinista de Aquilino Iglesia Alvariño, por exemplo. En todo caso, Díaz Castro ou ben constituiría o canto de cisne de tal tendencia evolucionando cara a outra poética, ou, como todo parece indicar, xa estaría claramente fóra dela. Sexa como sexa a súa obra singularízao dentro da poesía galega do século XX como un poeta único, esencial e universal.




Seminario de Santa Catarina de Mondoñedo, centro de saber no que se formaron os autores da Escola Neovirxilianista

## ACTIVIDADES

### ESMERALDA


Herba pequerrechiña  
que con medo surrís  
ó sol que vai nacendo  
e morrendo sen ti,  
¿por qué de ser pequena  
te me avergonzas ti?  
O Universo sería  
máis pequeno sin ti!

1. Investiga as características poéticas da Escola Neovirxilianista e comproba se se cumpren neste poema. Concretamente: ¿cres que esta composición se pode cualificar de *franciscanista*?, ¿existe unha ponderación positiva do elemento natural?
2. Curiosea a obra de autores galegos da Escola Neovirxilianista (Antonio Noriega Varela, Xosé Crecente Vega...) e logo tenta atopar algunha poesía comparable pola súa intención con esta de Díaz Castro.
3. ¿Como se explica o título deste poema?



## 4. OUTROS LIBROS DO AUTOR

Á parte de *Nimbos*, Xosé María Díaz Castro só chegou a publicar en vida outros dous textos, ambos en forma de tríptico. O primeiro, en galego, contiña o longo poema *Nascida d'un sono* e o segundo, en castelán, a composición *El cántico de la ciudad*. Con ambos poemas gañou os Xogos Florais de Betanzos de 1946 nas categorías de mellor texto poético nos dous idiomas. Ese mesmo ano, as plaquettes foron editadas pola Imprenta Celta de Vilagarcía de Arousa.



Primeira folla de *Nascida d'un sono*, 1946



## ACTIVIDADES

### NASCIDA D'UN SONO

I

Ven aos meus versos como vas á feira,  
cantando e ríndo ao vento das Mariñas.  
Ven, puño de cerixas cristaíñas,  
entra no meu soneto, betanceira!

Como esborrexen pol-a carballeira  
as anduriñas tras das anduriñas,  
brinca, anduriña, pol-as rimas miñas  
cal te dou Dios, enteira e verdadeira.

E xa feito de ti, louro e compreto  
cos iambos dos te pasos donaireiros,  
co lume dos teus ollos tan profundo,

eu ceibaréi ao vento o meu soneto  
pra que o teu nome suba antr'os loureiros  
hastr'ás estrelas, perfumando o mundo!

II

Piséi a sombra viva dos guindeiros  
e pidinlle auga fresca. Pró a garrida  
doume unha auga tola i-acendida,  
i-empezóu a falar... Ai betanceiros,

qué ollos aqueles, soles verdadeiros,  
duas espranzas pra unha sola vida!  
Qué ofrenda a porzolana repolida  
das mans, feitas pra tronos ou mosteiros!

I-aquel falar ardente cal non fora  
un despertar de melros sob a aurora  
i-aquel fuxir xogando d'anduriña!

Cantade ao sol i-ao mar, porque podedes,  
vos os que arades i-os que tendes redes.  
Qué aguinaldo dou Dios aos da Mariña!

### III

Variña d'avelairo, pra ti fora  
cativo o bronce i-a palabra escura.  
noiva a tecer damascos de ternura,  
nai, santa nai que canta cando chora!

Nácech'o sol nos ollos a cadora,  
enterrouse en ti o sol hastr'á centura!  
Boca pra un anxo, ai Deus, guinda madura!  
Ai Deus, surrisa aberta com'a aurora!

Sal do poema xa, céibate á ría  
da Vida, corpo enteiro da alegría,  
pés voandeiros, corazón sin lixo!

Así, sin versos, para qu'eu te queira,  
ti, nascida dun sono, betanceira,  
com'a permeira estrela que Dios fixo!




Estatua de Díaz Castro en Bascuas, Guitiriz

Agora, para rematar, tenta aplicar todos os elementos de análise intratextual descritos a estoutro texto de Díaz Castro:

1. Determina cal é o tema central e cales os secundarios e indica se hai algún motivo relevante.
2. Indica no nivel fónico que tipo de estrofa e rima ten o poema e se hai algunha figura destacada.
3. Sinala as figuras literarias máis notables dos niveis morfosintáctico e léxico-semántico.
4. Dende o punto de vista pragmático, ¿o enunciado no poema vai *dirixido* a algún ser ou auditorio determinado?
5. Determina cal é a estrutura externa e interna.
6. Xustifica se este texto tenta facer unha descrición antropolóxica da muller betanceira e, por extensión galega, ou non.

## 5. BIBLIOGRAFÍA CRÍTICA

- AA. VV., *Homenaxe a Xosé María Díaz Castro*, Guitiriz-Lugo, Asociación Cultural Xermolos, 1987.
- Blanco Garcia, Carmen, "Díaz Castro e as mulleres da Terra: as metamorfoses da grande Nai en *Nimbos*", en *Nais, damas, prostitutas e feirantas*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1995, pp. 247-276.
- Blanco Torrado, Alfonso, *A ascensión dun poeta. Xosé María Díaz Castro*, Lugo, El Progreso Artes Gráficas/Fundación Caixa Galicia, 1995.
- Carballo Calero, Ricardo, "Introducción", en Xosé María Díaz Castro, *Nimbos*, Madrid, Editora Nacional, 1982, pp. 7-17.
- Requeixo, Armando, "Unha aproximación a *Nimbos* de Xosé María Díaz Castro", *Revista Galega do Ensino*, 12, maio 1996, pp. 101-120.
- \_\_\_\_\_, "A poesía de Xosé María Díaz Castro: prehistoria de *Nimbos*", en AA.VV., *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago, Universidade de Santiago, Tomo II Literatura, 1999, pp. 1247-1259.
- \_\_\_\_\_, "Xosé María Díaz Castro: moito máis que *Nimbos*", *Casa da gramática*, 11, marzo, "Papel de Color. Un Século de Literatura Galega (1901-2000) 2ª Parte", 2001, pp. 19-22.
- Rodríguez Fer, Claudio, "O poema «Penélope» de Díaz Castro", en *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1989, pp. 199-210.



Cuberta do libro-homenaxe colectivo de 1987

Xosé María Díaz Castro. Nimbos. 2008. Armando Requeixo

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
I.E.S. POETA DÍAZ CASTRO

